

Resolución do procedemento de inscrición de tres rodais dos montes veciñais en man común de San Xurxo de Sacos e Viascón no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

Antecedentes

1. O 16/07/2021 a Comunidade do Monte Veciñal en Man Común (en adiante MVMC) de San Xurxo de Sacos e a CMVMC de Viascón solicitan o inicio do procedemento de inscrición de tres rodais destes montes no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.
2. O día 14/10/2021 e número de rexistro electrónico da Xunta de Galicia 2021/2426554 a persoa titular do monte achega mellora voluntaria da súa solicitude.
3. O 29/11/2021 o Servizo de Montes de Pontevedra informou favorablemente a solicitude.
4. O día 30/12/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública os procedementos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas dos montes da CMVMC de San Xurxo de Sacos e da CMVMC de Viascón.
5. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
6. Instruído o procedemento, prescínndese do trámite de audiencia, segundo o estipulado no apartado 4 do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
6. O 20/04/2022 a xefa do Servizo de Montes de Pontevedra formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición de tres rodais dos MVMC de San Xurxo de Sacos e de Viascón no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.



2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.

3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriban os tres rodais da CMVMC de San Xurxo de Sacos e da CMVMC de Viascón no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Solicitante: CMVMC de San Xurxo de Sacos e a CMVMC de Viascón

Concellos: Cerdedo-Cotobade

Provincia: Pontevedra

Número de rodais e superficie: rodal 1 de 5,04 ha, rodal 2 de 10,98 ha e rodal 3 de 11,14 ha

Superficie total: 27,16 ha

Especies: *Quercus robur*, *Betula celtiberica*, *Castanea hybrida* e *Salix atrocinerea*

Idade media: 30 anos

FCC por rodais: 100%

Superficie por propiedade: da CMVMC de San Xurxo de Sacos: 20,14 ha e da CMVMC de Viascón: 7,02 ha.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

JOSÉ LUIS CHAN RODRIGUEZ

